



COBERTURA DEFINITIVA, EN PROPIEDAD, MEDIANTE SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE DUNHA PRAZA DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM".

ACTA VIII PROPOSTA DEFINITIVA DE SELECCIÓN

Reunidos no Concello de Cee, o día 03/01/2025, ás 14:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas dos aspirantes para a cobertura definitiva, en propiedade, mediante sistema de oposición libre dunha praza Dirección-Asesoramento Psicolóxico CIM (BOP nº 63, 01/04/2024)

Presidenta Titular: Ana Aldao Corral
1º Vogal Titular: Manuel Calo Canosa
2º Vogal Titular: Isabel Muñoz Rodríguez
3º Vogal Titular: Victor Castiñeira Castro
Secretario Titular: Juan Carlos Santabaya Louzán

*Presidenta e 1º e 2º vogal asisten de forma telemática

O obxecto da convocatoria é a elevación a definitivas das puntuacións e da proposta de contratación.

ANTECEDENTES

1.O 17/12/2024 publicáronse as puntuacións provisionais e a proposta de selección da candidata con maior puntuación, abríndose un prazo de alegacións de cinco días.

2.- Con data 30/12/2024 o rexistro municipal emite informe indicando que non se presentaron alegacións ás mesmas.

Visto o cal o tribunal acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: establecer as puntuacións totais DEFINITIVAS obtidas por cada un dos candidatos, as cales se especifican no cadro seguinte

PUNTUACIÓN TOTAIS DEFINITIVAS DO PROCESO SELECTIVO SEGUNDO ORDE DE PUNTUACIÓN ACADADA:

| NOME | DNI | PROBA 1 | PROBA 2 | ACREDITA CELGA | TOTAL |
|------|-----------|---------|---------|----------------|-------|
| AVT | ***9062** | 3,7 | 7,35 | SI | 11,05 |
| EVS | ***0480** | 3,4 | 5,55 | SI | 8,95 |
| AMNG | ***7739** | 3,5 | 5,45 | SI | 8,95 |
| LTB | ***8700** | 2,8 | 5,35 | SI | 8,15 |

*En caso de empate entre os aspirantes na puntuación final do proceso para a constitución da bolsa de traballo, o mesmo dirimirase atendendo ós seguintes criterios:

- A maior puntuación obtida no segundo exercicio
- A maior puntuación obtida no primeiro exercicio



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

-Letra do primeiro apelido tomando como referencia o establecido na última resolución anual pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado (Orden de actuación dos aspirantes en probas selectivas).

-Sorteo. En defecto de todo o anterior, o empate resolverase por sorteo cuxa realización se anunciará a fin de garantir presenza voluntaria dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración.

SEGUNDO.- Acordase realizar proposta DEFINITIVA de contratación da aspirante que acada a maior puntuación no proceso selectivo.

| NOME | DNI | PROBA 1 | PROBA 2 | ACREDITA CELGA | TOTAL |
|------|-----------|---------|---------|----------------|-------|
| AVT | ***9062** | 3,7 | 7,35 | SI | 11,05 |

TERCEIRO. Segundo establece a base décimo segunda.- Presentación de documentación.

Décimo Segunda.-Presentación de documentación.

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de cinco días naturais contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos seguintes orixinais ou copias cotexadas:

a) Os indicados na base 5ª.

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario.

No caso de ser nacional doutro Estado, deberá presentar, ademais, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión.

d) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función, no caso de tratarse de persoas con minusvalías.

e) Código IBAN dunha conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).

A/O aspirante proposto que no prazo sinalado no apartado anterior non presentaran a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir por falsidade. Neste caso, procederase á proposición do seguinte aspirante existente na lista de aprobados e se lle requirirá a documentación esixida.

CUARTO: Acórdase proceder á publicación desta acta no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, con carácter informativo, na web municipal.

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión en Cee, a 03/01/2025.

Asdo.

Secretario

Presidente

Vogais.